



O MEDIO RURAL

O mundo rural galego no século XXI:
Retos e oportunidades que se presentan

Inés Santé Riveira

A produción de carne de vacún en Galicia

Jesús González Vázquez

A produción do sector forestal

José Ignacio Lema Piñeiro

Dúas olladas á muller rural

Verónica Marcos Arrojo

María Ferreiro Santos

Fondos europeos e mundo rural: retos e posibilidades

Edelmiro López Iglesias

•c•a•d•e•r•n•o•s•

é unha publicación do Consello Económico e Social de Galicia

A responsabilidade das opinións expresadas nesta publicación corresponde exclusivamente a os seus autores e en caso ningún supoñen que o Consello Económico e Social de Galicia se identifique coas mesmas.



Algalia de abaixo, nº 24
15704 - Santiago de Compostela
981 54 16 50
e-mail: cadernos@ces-galicia.org

Todos os traballos do CES-Galicia poden atoparse en

www.ces-galicia.org

• c • a • d • e • r • n • o • s •

Nº 11 • ANO 2021

- 4** Limiar
- 5** O mundo rural galego no século XXI:
Retos e oportunidades que se presentan
Inés Santé Riveira – AGADER
- 14** Os sectores produtivos: a produción de carne
Jesús González Vázquez – CRIXP Carne de Vacún
- 18** A produción do sector forestal
José Ignacio Lema Piñeiro – XERA
- 26** A muller no mundo rural:
importancia do seu papel, situación actual e futuro
Verónica Marcos Arrojo – FADEMUR
- 32** O mundo rural, unha alternativa con futuro
María Ferreiro Santos – SLG
- 35** Fondos europeos e mundo rural: retos e posibilidades
Edelmiro López Iglesias – USC

Fondos europeos e mundo rural: retos e posibilidades

Edelmiro López Iglesias

ESQUEMA

1. O papel dos fondos europeos no sector agrario e no medio rural de Galicia; notas e acotacións iniciais
2. Política Agraria Común (PAC) 2023-2027; marco xeral e orzamento a nivel europeo
3. Axudas directas do primeiro pilar da PAC: deseño en España 2023-2027; impacto previsible en Galicia
4. Medidas de desenvolvemento rural da PAC 2023-2027
5. Fondos Next Generation EU: incidencia potencial no sector agrario e no medio rural de Galicia

Edelmiro
López Iglesias

Departamento
de Economía
Aplicada
ECOAGRASOC

Universidade
de Santiago de
Compostela

1. O papel dos fondos europeos no sector agrario e no medio rural de Galicia; notas e acotacións iniciais

Os fondos europeos xogan un duplo papel no sector agrario e no medio rural de Galicia:

- Complemento da renda das explotacións agrarias: diferentes axudas do primeiro pilar da Política Agraria Común (PAC), financiadas integramente polo FEAGA; pagos anuais do segundo pilar da PAC (agroambientais, ZLN), co-financiados polo FEADER.
- Apoio aos investimentos no sector agrario e no medio rural
 - Resto das medidas de desenvolvemento rural do segundo pilar da PAC, co-financiadas polo FEADER.
 - Investimentos con incidencia no medio rural co-financiados por outros fondos europeos: FEDER, FSE.
 - A iso únense no período 2021-2027 os fondos Next Generation EU.

Axudas directas ás explotacións (primeiro pilar da PAC e certas medidas do segundo pilar); complemento relevante para as explotacións galegas, pero que cómpre relativizar.

Peso relativo das subvencións na produción e na renda agraria 2019 (cifras absolutas en millóns de euros)

	PRODUCCIÓN AGRARIA	SUBVENCIÓNS	RENDA AGRARIA	Subvencións/Produción agraria (%)	Subvencións/Renda agraria (%)
CANTABRIA	345,0	45,8	103,3	13,3%	44,3%
CASTILLA Y LEON	6.082,1	896,6	2.462,3	14,7%	36,4%
EXTREMADURA	2.778,6	573,5	1.672,9	20,6%	34,3%
PRINCIPADO DE ASTURIAS	511,3	64,6	203,7	12,6%	31,7%
BALEARES	248,6	38,7	123,1	15,6%	31,5%
MADRID	283,1	38,3	131,6	13,5%	29,1%
CASTILLA- LA MANCHA	5.275,9	779,1	2.906,7	14,8%	26,8%
PAIS VASCO	459,8	52,5	202,9	11,4%	25,9%
ARAGÓN	4.782,8	488,6	2.045,0	10,2%	23,9%
NAVARRA	1.141,8	128,7	626,8	11,3%	20,5%
CATALUÑA	4.980,5	382,2	1.981,8	7,7%	19,3%
ANDALUCÍA	13.137,3	1.709,7	9.726,7	13,0%	17,6%
COMUNIDAD VALENCIANA	3.374,1	238,5	1.701,3	7,1%	14,0%
REGION DE MURCIA	2.895,4	183,0	1.431,1	6,3%	12,8%
LA RIOJA	654,5	43,6	367,0	6,7%	11,9%
 GALICIA	3.865,3	190,6	1.631,0	4,9%	11,7%
CANARIAS	972,8	60,8	629,1	6,3%	9,7%
 ESPAÑA	51.789,0	5.914,9	27.946,4	11,4%	21,2%

Fonte: MAPA. Cuentas económicas de la agricultura. Resultados regionales 2019.

Máis importante, en termos relativos, ven sendo nas últimas décadas a contribución dos fondos europeos ao financiamento de investimentos no sector agrario e no medio rural galego, a través de medidas xestionadas principalmente pola Xunta de Galicia. Isto inclúe:

- Investimentos públicos directos.
- Subvencións de capital (apoio a investimentos privados e das Administracións Locais).

Vía principal: medidas de desenvolvemento rural do segundo pilar da PAC.

Vías complementarias (importantes nalgúns aspectos): accións con incidencia no medio rural financiadas polo FEDER e o FSE.

Matiz xeral. Sen menospreciar o papel dos fondos europeos, o volume e composición dos investimentos no sector agrario e no medio rural de Galicia nos próximos anos vai depender en maior medida de factores endóxenos: capacidade para xerar proxectos empresariais viables, mobilización do aforro galego para financiar eses investimentos.

2. Política Agraria Común (PAC) 2023-2027; marco xeral e orzamento a nivel europeo

2.1. Un proceso longo e aínda en marcha

A definición da PAC no período 2021-2027 constitúe un proceso longo, complexo e aínda inacabado.

4 anos de negociacións para aprobar a normativa europea e o marco orzamentario, desde a publicación (novembro 2017) da Comunicación da Comisión Europea *O futuro dos alimentos e da agricultura*.

O retraso nese proceso obrigou a acordar un período transitorio:

- 2021-2022: período transitorio; seguirán aplicándose as medidas da PAC 2014-2020, cos fondos do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027.
- 2023-2027: aplicación da nova PAC.

Situación actual: pendente a publicación dos regulamentos europeos, e as decisións posteriores sobre a aplicación en cada Estado membro.

2.2. Novidades da PAC post 2020

A Comisión Europea resalta:

- Maior ambición ambiental e na acción polo clima
- Axudas máis xustas e mellor orientadas
- Maiores esforzos para o relevo xeneracional e igualdade de xénero
- Maior énfase na formación e na innovación

Pero as novidades principais non están no "que" (medidas dispoñibles a nivel europeo), senón no "como" (modelo de aplicación): **novo modelo de aplicación ("new delivery model")**, baseado nos **Plans Estratégicos da PAC (PE-PAC)**.

Esquema actual de programación e aplicación da PAC: diferenciación entre o primeiro e o segundo pilar



New delivery model

Cada Estado Membro elaborará un Plan Estratégico de la PAC que:

- partirá dun diagnóstico e unha análise das necesidades específicas; baseado nel
 - indicará como se van executar esas medidas e recursos dos pilares I e II para satisfacer esas necesidades
- que ferramentas vai utilizar establecendo as metas específicas.

UN ÚNICO PLAN ESTRATÉGICO POR ESTADO MEMBRO, INCLUINDO OS DOUS PILARES DE XEITO INTEGRADO

Organización dos PE-PAC: 9 obxectivos específicos (OE) + 1 transversal



Objetivo transversal: modernizar o sector a través do fomento e a posta en común do coñecemento, a innovación e a dixitalización.

10

Intervenciones en el PE de la PAC

100% financiación FEAGA

PAGOS DIRECTOS

- **Dísociados**
 - Ayuda básica a la renta para la sostenibilidad
 - Ayuda complementaria redistributiva
 - Ayuda a la renta complementaria para jóvenes agricultores
 - Regímenes voluntarios para el clima y el medio ambiente
- **Asociados**
 - Ayuda a la renta asociada
 - Ayuda específica al algodón

Financiación FEAGA

PLANES SECTORIALES

- Frutas y hortalizas
- Vino
- Sector apícola
- Otros sectores

Financiación FEADER

DESARROLLO RURAL:

- Compromisos medioambientales y climáticos
- Zonas con dificultades o limitaciones específicas
- Desventajas por requisitos obligatorios
- Inversiones
- Intercambio conocimiento e información
- Jóvenes ag. y nuevas empresas
- Instrumentos gestión riesgos
- Cooperación

2.3. Orzamento da PAC dentro do Marco Financeiro Plurianual 2021-2027

Acordo final sobre o MFP, aprobado polo Consello e o Parlamento Europeo

-Suavizou o recorte dos fondos da PAC previsto na proposta inicial da Comisión Europea.

-No contexto da crise derivada da COVID-19, introduciu, ao lado do “MFP normal”, unha dotación extraordinaria para a reconstrución das economías europeas nos anos 2021-2024: Next Generation EU.

Orzamento aprobado para a PAC 2021-2027

Millóns de euros constantes de 2018

Table 4: CAP sub ceilings in the MFF (commitments in millions - constant 2018 prices)

	EU-28 2014/2020 A	EU-27 2020 (x 7) B	EU-27 2014/2020 C	EU-27 2021/2027 D	% B/D change E	% C/D change F
1. FEAGA	309.064	273.743	286.143	258.594	-5,5%	-9,6%
2. FEADER	102.004	93.877	96.712	85.350	-9,1%	-11,7%
Recursos FEADER no marco de Next Generation EU (incluídos no anterior)				7.500		
2bis. FEADER sen Next Generation EU	102.004	93.877	96.712	77.850	-17,1%	-19,5%
3. TOTAL PAC (1+2)	411.068	367.621	382.855	343.944	-6,4%	-10,2%
4. TOTAL MFP	1.136.105	1.107.138	1.082.320	1.824.300	64,8%	68,6%
5. % PAC (3/4)	36.1%	33.2%	35.3%	18,85%	--	--

Millóns de euros correntes (estimación)

Table 5: CAP sub ceilings in the MFF (commitments in millions – current prices)

	EU-28 2014/2020 A	EU-27 2020 (x 7) B	EU-27 2014/2020 C	EU-27 2021/2027 D	% B/D change E	% C/D change F
1. FEAGA	302.797	284.803	280.351	291.088	2,2%	3,8%
2. FEADER	100.273	97.670	95.078	95.519	-2,2%	0,5%
2bis. FEADER sen Next Generation EU	100.273	97.670	95.078	87.632	-10,3%	-7,8%
3. TOTAL PAC (1+2)	403.070	382.473	375.429	386.608	1,1%	3,0%

- i. Euros constantes: orzamento da PAC 2021-2027 inferior nun 10,2% ao período 2014-2020. Redución similar para o FEAGA, primeiro pilar (-9,6%), e o FEADER, segundo pilar (-11,7%), se computamos neste último os 7.500 millóns de Next Generation EU.
- ii. Euros correntes: o orzamento da PAC 2021-2027 incrementase nun 3,0% respecto ao período anterior. Aumento moderado dos fondos do primeiro pilar (3,8%) e estabilidade no segundo (+0,5%).

3. Axudas directas do primeiro pilar da PAC: deseño en España 2023-2027; impacto previsible en Galicia

No PE PAC de España estas medidas son definidas a nivel estatal, polo MAPA, previa negociación coas Comunidades Autónomas.

Situación actual:

- Decididas as liñas esenciais.
- Pendentes de concretar aspectos relevantes.

Imaxe global: deseño moi lastrado polo mantemento do *status quo* no reparto das axudas (entre territorios e explotacións).

Exemplos: definición de "agricultor activo" (quen vai poder recibir axudas); aplicación do pagamento redistributivo (pensado para redistribuír fondos en favor das pequenas e medianas explotacións); aplicación do *capping* e a degresividade (recorte das axudas ás maiores explotacións).



Distribución dos fondos para axudas directas do primeiro pilar en España 2023-2027; comparación con 2020

	2020			Media anual 2023-2027	
	miles euros correntes	%		miles euros correntes	%
Básico	2.742.615	56,05%	Axuda básica "neta" *	2.441.100	50,00%
Greening	1.468.030	30,00%	Redistributivo	488.220	10,00%
Xóvenes	97.869	2,00%	Xóvenes	97.644	2,00%
Asociados	584.919	11,95%	Ecoesquemas	1.122.906	23,00%
Total	4.893.433	100,00%	Asociadas	702.060	14,38%
			Programa sectorial olivar	30.270	0,62%
			TOTAL	4.882.200	100,00%
			* Descontando 1/6 da axuda básica que vai ao pago redistributivo.		
			Axuda básica "bruta" (60% dos fondos)	2.929.320	
			Axuda básica "bruta" (60% dos fondos) cifras do MAPA	2.899.100	

Volume anual de fondos para axudas directas dispoñibles en España 2023-2027: contía similar ao período 2014-2020.

Resultado previsible para as explotacións galegas:

- **Mantemento ou moderado incremento das axudas.** Grazas a: aumento das axudas asociadas para as explotacións de vacún de leite; saldo favorable do pago redistributivo; melloras logradas no deseño dos ecoesquemas.
- **Principais incógnitas:** resposta das explotacións aos ecoesquemas deseñados; incorporación de novas superficies con dereitos de axuda a través da Reserva Nacional da axuda básica (cuestión esencial a medio prazo, prioritaria para a Consellería do Medio Rural, vinculada á Lei de Recuperación da Terra Agraria de Galicia).

Reducido volume de superficies con axudas da PAC do que parte Galicia

Cuadro 1. Superficie con derechos de pago básico, SAU total y superficie geográfica. Datos por CCAA 2016-2018

Comunidad Autónoma	Superficie determinada a efectos de pago 2018 (ha) (a)	SAU EEEA 2016 (ha) (b)	Superficie geográfica (ha) (c)	Superficie con derechos/ SAU total (a)/(b)	SAU/ Sup. geográfica (b)/(c)
Andalucía	3.636.984	4.399.491	8.756.554	82,7%	50,2%
Aragón	1.761.527	2.274.920	4.772.412	77,4%	47,7%
Asturias	212.503	350.561	1.059.420	60,6%	33,1%
Baleares	111.608	170.496	498.214	65,5%	34,2%
Cantabria	136.689	218.633	531.582	62,5%	41,1%
Castilla-La Mancha	3.571.623	4.037.368	7.942.489	88,5%	50,8%
Castilla y León	4.390.529	5.327.061	9.420.550	82,4%	56,5%
Cataluña	790.543	1.115.367	3.209.952	70,9%	34,7%
Extremadura	2.334.007	2.425.122	4.164.928	96,2%	58,2%
Galicia	363.821	621.643	2.956.105	58,5%	21,0%
Madrid	217.114	299.213	802.381	72,6%	37,3%
Murcia	212.785	377.362	1.131.471	56,4%	33,4%
Navarra	383.469	555.886	1.038.381	69,0%	53,5%
País Vasco	135.141	176.319	722.853	76,6%	24,4%
Rioja	135.080	216.258	504.630	62,5%	42,9%
C. Valenciana	313.865	614.101	2.326.618	51,1%	26,4%
España	18.707.287	23.179.801	49.838.538	80,7%	46,5%
Galicia/ España (%)	1,94%	2,68%	5,93%		

Fuente: Elaboración propia a partir de datos del MAPA y del INE.

Referencia ás diferentes axudas directas da PAC 2023-2027

- Mantense **sistema de dereitos**
- **Novas rexións PAC:** das 51 rexións actuais en España a 20 en 2023-2027
- **Converxencia** das axudas en cada rexión cara ao Valor Medio Rexional:
 - En 2026 mínimo do 85%. En 2029 converxencia plena.
- Novas vías de acceso a dereitos da Reserva Nacional

Capping e degresividade

- Redución progresiva das axudas a partir de 60.000 € de ABRS (descontados custes laborais e de servizos agrícolas).
- Capping a partir de 100.000 € (descontados tamén custes laborais)
- Tope de 200.000 €/ explotación

Diagrama de axudas directas da PAC 2023-2027:

- Diagrama de axudas directas da PAC 2023-2027
- Axuda complementaria (mosos/aa)
- Ecoesquemas
- Axuda Básica á Renta para a Sustentabilidade (ABRS)
- CONDICIONALIDADE REFORZADA

21

Pago ás primeiras hectáreas de cada explotación. Matizes en España:

- Aplicado dentro de cada unha das "rexións PAC"; umbral de hectáreas en función da rexión
- Para empiorar a cousa: proposta do MAPA de duplo umbral
- +5% titulares mulleres

Diagrama de axudas directas da PAC 2023-2027:

- Diagrama de axudas directas da PAC 2023-2027
- Axuda complementaria (mosos/aa)
- Ecoesquemas
- Axuda Redistributiva
- Axuda Básica á Renta para a Sustentabilidade (ABRS)
- CONDICIONALIDADE REFORZADA

22

- Pagos por prácticas beneficiosas para o medioambiente
- Por tipo de superficie. Só unha práctica en cada hectárea, pero varias na mesma explotación
- Todas as hectáreas nas que se aplique a práctica (teñan ou non dereitos de ABRS)
- De maior interese para Galicia: 4 prácticas, 2 en TC e 2 en PP

Diagrama de axudas directas da PAC 2023-2027:

- Diagrama de axudas directas da PAC 2023-2027
- Axuda complementaria (mosos/aa)
- Ecoesquemas
- Axuda Básica á Renta para a Sustentabilidade (ABRS)
- CONDICIONALIDADE REFORZADA

23

P1. PASTOREO EXTENSIVO

Pastoreo durante mínimo 90-120 días
Carga gandeira: máxima 2 UGM/ha e mínima de 0,4 UGM/ha (media anual).
Computan só os animais en pastoreo e as superficies pastoreadas

P2. SEGA SOSTIBLE (pastos)



Marxes sen segar ou espazos non produtivos na explotación: 7%, **ou**

Sega sostible: 2 cortes até xuño, sen corte 2 meses no verán

Diagrama de axudas directas da PAC 2023-2027:

- Diagrama de axudas directas da PAC 2023-2027
- Axuda complementaria (mosos/aa)
- Ecoesquemas
- Axuda Básica á Renta para a Sustentabilidade (ABRS)
- CONDICIONALIDADE REFORZADA

24



4. Medidas de desenvolvemento rural da PAC 2023-2027

No PE PAC de España 2023-2027 estas medidas son deseñadas por cada CCAA, dentro de certas normas comúns a nivel estatal (de forma similar aos períodos 2007-2013 e 2014-2020).

Fondos:

-FEADER: mantemento aproximado do volume de fondos do período 2014-2020. Distribución do FEADER entre CCAA en España aplicando as mesmas % que no período 2014-2020.

-Taxas máximas de co-financiación europea. Para Galicia: redución desa taxa na maioría das medidas do 75% ao 60%. Consecuencia: incremento do co-financiamento aportado pola Administración Central e a Xunta de Galicia → incremento do Gasto Público Total.

Fondos dispoñibles para as medidas de desenvolvemento rural en Galicia 2014-2020 e 2021-2027 (euros)

Feader 2014-2020 versión inicial PDR	Gasto Público Total (GPT) 2014-2020	FEADER/GPT (%)	Feader 2021-2027 (incluídos fondos NG-EU 2021-2022)	Estimación GPT 2021-2027	FEADER/GPT (%)	
			334.314.185	420.097.781	79,6%	Periodo transitorio 2021-2022
			579.090.000	862.535.708	67,1%	PE PAC 2023-2027
889.800.000	1.186.400.000	75,0%	913.404.185	1.282.633.489	71,2%	Total período 2021-2027
	Variación 2014-20/ 2021-27	%	2,7%	8,1%		
		euros	23.604.185	96.233.489		

Cadro 5. Fondos FEADER e Gasto Público Total en medidas de desenvolvemento rural en Galicia; datos reais 2014-2020 e 2021-2022 e estimacións para 2023-2027 segundo o deseño das medidas da CMR (millóns de euros correntes)

	Total 2014-2020	Media anual 2014-2020	Periodo transitorio		PE PAC 2023-2027					2021-2027	Variación 2021-27/2014-20	
			2021	2022	2023	2024	2025	2026	2027			
FEADER												
MFP	889,80	127,11	141,49	115,86	115,82	115,82	115,82	115,82	115,82	836,44	-6,0%	
Next Generation EU			23,09	53,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	76,97		
Total MFP+NGEU	889,80	127,11	164,58	169,74	115,82	115,82	115,82	115,82	115,82	913,41	2,7%	
Gasto Público Total												
MFP	1.186,40	169,49	188,66	154,48	172,51	172,51	172,51	172,51	172,51	1.205,67	1,6%	
Next Generation EU			23,09	53,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	76,97		
Total MFP+NGEU	1.186,40	169,49	211,75	208,36	172,51	172,51	172,51	172,51	172,51	1.282,64	8,1%	
Cofinanciación nacional total												
MFP	296,60	42,37	47,16	38,62	56,69	56,69	56,69	56,69	56,69	369,23	24,5%	
Next Generation EU			0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00		
Total MFP+NGEU	296,60	42,37	47,16	38,62	56,69	56,69	56,69	56,69	56,69	369,23	24,5%	

Intervencións de desenvolvemento rural 2023-2027

- Compromisos medioambientais, climáticos e compromisos de xestión.
- Zonas con limitacións naturais ou outras limitacións específicas.
- Desvantaxes específicas resultantes de determinados requisitos obrigatorios.
- Investimentos.
- Agricultores/as mozos/as e novas empresas rurais.
- Cooperación.
- Intercambio de coñecementos e información.

Intervencións financiadas polo FEADER en Galicia

- En proceso de definición pola CMR, a partir dos elementos comúns establecidos polo MAPA
- Semellantes ás do período 2014-2020
- Principais novidades:
 - Agroambientais
 - Apoio a novos agricultores (non xóvenes)
 - Incorporación de instrumentos financeiros, xunto coas subvencións, nos mecanismos de apoio a investimentos
 - Maior uso das medidas de cooperación

5. Fondos Next Generation EU: incidencia potencial no sector agrario e no medio rural de Galicia

7 PROGRAMAS	Tipo	Xestor	Total UE	Importe España
Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR)	S	EM	312.500	59.100
	P	EM	360.000	67.370
Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-UE)	S	EM	47.500	12.430
FEADER	S	EM	7.500	750
Fondo de transición xusta	S	EM	10.000	450
Gestión compartida			737.500	140.000
Horizonte Europa	S	UE	5.000	
Invest EU	S	UE	5.600	
Resc EU	S	UE	1.900	
Gestión directa			12.500	
TOTAL			750.000	140.000

Fondos programados con incidencia no medio rural galego:

- Recursos incorporados ao FEADER no período transitorio (2021-2022), recollidos na reprogramación do PDR para estes anos (76,97 millóns de euros).
- Fondos procedentes do REACT-EU incorporados nos programas FEDER e FSE de Galicia.

A grande incógnita, dependente dos proxectos que se presenten e das decisións que vaian adoptando os diferentes Ministerios: que parte dos recursos asignados ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) en España (59.100 millóns de euros en subvencións, máis a posibilidade doutros 67.370 millóns en préstamos) van financiar investimentos no sector agrario e no medio rural de Galicia.

Proceso en marcha, con resultados imposibles de predecir.